

Servizo de teleasistencia da Deputación de Pontevedra

QUE É?

A teleasistencia domiciliaria é unha prestación técnica de atención permanente de apoio e intervención social que, enmarcada no contexto de atención de proximidade e grazas ao uso de tecnoloxías da información e da comunicación, trata de potenciar a autonomía das persoas usuarias, procurando a súa permanencia e integración na contorna familiar e social habitual. Atende especialmente situacións de fragilidade, soledade non desexada ou illamento, así como situacións de crise ou emerxencia.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Está dirixido fundamentalmente a persoas que vivan soas ou que, aínda que estean acompañadas, poidan ter risco de accidentes ou presenten situacións de risco que requiran de atención continua, sempre que estas sexan compatibles coa prestación do servizo.

Requisitos:

- Residir nun concello de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra adherido ao servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación.
- Non ter concedido o servizo de teleasistencia a través do sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD).
- Dispoñer de liña telefónica fixa ou móbil ou estar en condicións de obtela.
- Non padecer enfermidade mental ou discapacidade que impida facer un uso adecuado dos medios tecnolóxicos utilizados para o servizo.
- Cumprir os límites de acumulación de recursos establecidos na ordenanza

reguladora.

UNIDADE DE CONVIVENCIA	INGRESOS TOTAIS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA
Persoa que vive soa	Iguais ou inferiores a 2 veces o IPREM*
Convivencia de dúas persoas	Iguais ou inferiores a 3,5 veces o IPREM*
Convivencia de tres ou máis persoas	Iguais ou inferiores a 5 veces o IPREM*

*Tomarase como referencia o IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples) anual, incluídas as 14 pagas.

COMO FUNCIONA?

O servizo de teleasistencia domiciliaria realízase cun dispositivo a través do cal, con só pulsar un botón, as persoas usuarias poden contactar mediante conversa directa, sen empregar as mans, cunha central que conta con persoal preparado para atender as situacións de emerxencia que poidan xurdir no seu fogar as 24 horas do día e os 365 días do ano.

O servizo de teleasistencia comprende, ademais, unha instalación que permite detectar avisos e alarmas e un modelo de acompañamento personalizado de chamadas periódicas á persoa usuaria.

QUE SERVIZOS INCLÚE?

A teleasistencia domiciliaria inclúe:

1. Axuda inmediata en caso de emerxencia

Mobilización de recursos, propios ou públicos, en caso de emerxencias sanitarias ou sociais, e posterior seguimento da emerxencia.

2. Acompañamento periódico

Chamadas de seguimento, como mínimo, cada 15 días, segundo o nivel de acompañamento que precise a persoa usuaria.

Ademais, un mínimo dunha visita presencial anual da persoa coordinadora de referencia.

Tendo en conta os niveis de apoio de cada persoa usuaria establecidos dentro do seu PTP, establécese:

NIVEL DE APOIO	CHAMADAS DE SEGUIMENTO	VISITAS DOMICILIARIAS
Nivel 1. Leve	Chamada quincenal da ou do teleoperador de referencia e chamada de seguimento semestral da persoa coordinadora de referencia.	Visita domiciliaria anual da persoa coordinadora de referencia.
Nivel 2. Moderado	Chamada cada dez días da ou do teleoperador de referencia e chamada de seguimento semestral da persoa coordinadora de referencia.	
Nivel 3. Severo	Chamada cada sete días da ou do teleoperador de referencia e chamada de seguimento semestral da persoa coordinadora de referencia.	Visita domiciliaria anual da persoa coordinadora de referencia.

3. Mantemento das axendas

Recordatorios de toma de medicación, citas médicas, eventos persoais...

4. Axendas de cortesía

Felicitacións no día do aniversario, Nadal, onomásticas...

5. Apoio telefónico en xestións

Realización, a petición da persoa usuaria, de xestións telefónicas: solicitar citas médicas, información de programas de servizos sociais...

6. Teleasistencia avanzada

A teleasistencia avanzada consiste en instalar dispositivos complementarios, como:

- Terminal móbil con xeolocalización.
- Detectores de caídas.
- Detectores ambientais (monóxido de carbono, gas, fume).
- Adaptadores de accesibilidade para persoas con limitacións sensoriais, cognitivas, comunicativas ou motrices.
- Detectores de pasividade ou mobilidade-monitorización de padróns (para detectar desviacións de rutinas e situacións de risco)

ONDE SE SOLICITA?

Nos servizos sociais comunitarios do concello de residencia, se este conta cunha poboación inferior a 20.000 habitantes e asinou o convenio de colaboración coa Deputación.

QUE CONCELLOS TEÑEN CONVENIO ASINADO ACTUALMENTE?

CONCELLO DA CANIZA
CONCELLO DAS NEVES
CONCELLO DE AGOLADA
CONCELLO DE BAIONA
CONCELLO DE BARRO
CONCELLO DE BUEU
CONCELLO DE CALDAS DE REIS
CONCELLO DE CAMBADOS
CONCELLO DE CATOIRA
CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE
CONCELLO DE COVELO
CONCELLO DE CRECENTE
CONCELLO DE CUNTIS
CONCELLO DE FORCAREI

CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES
CONCELLO DE GONDOMAR
CONCELLO DE MEAÑO
CONCELLO DE MEIS
CONCELLO DE MOAÑA
CONCELLO DE MONDARIZ
CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO
CONCELLO DE MORAÑA
CONCELLO DE MOS
CONCELLO DE NIGRÁN
CONCELLO DO CAMPO LAMEIRO
CONCELLO DO GROVE
CONCELLO DE OIA
CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN
CONCELLO DE PONTE CALDELAS
CONCELLO DE PONTECESURES
CONCELLO DE PORTAS
CONCELLO DE RIBADUMIA
CONCELLO DE RODEIRO
CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS
CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO
CONCELLO DE SANXENXO
CONCELLO DE SILLEDA
CONCELLO DE SOUTOMAIOR
CONCELLO DE TOMIÑO
CONCELLO DE TUI
CONCELLO DE VALGA
CONCELLO DE VILABOA

COMO SE FINANCIA O SERVIZO DE TELEASISTENCIA?

O custo do servizo repártese entre a Deputación e os concellos adheridos:

- Deputación: financia o 50 % do custo do servizo.
- Concellos adheridos: financian o 50 % restante, con cargo aos seus propios orzamentos e podendo establecer un copagamento para as persoas usuarias beneficiarias do servizo, de acordo co establecido nas súas ordenanzas municipais.

AS PERSOAS USUARIAS TEÑEN QUE PAGAR POLO SERVIZO?

Os concellos poderán establecer un copagamento para as persoas usuarias beneficiarias do servizo, de acordo co establecido nas súas ordenanzas municipais.

CAL É O PREZO DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO?

TIPOLOXÍA	PREZO MENSUAL SEN IVE	IVE	PREZO MENSUAL CON IVE
PERSOA TITULAR DUN DISPOSITIVO ANALÓXICO	19,82 €	0,79 €	20,61 €
PERSOA TITULAR DUN DISPOSITIVO GSM	21,38 €	0,86 €	22,24 €
PERSOA TITULAR DUN DISPOSITIVO TAD MÓBIL XEOLOCALIZACIÓN	22,49 €	0,90 €	23,39 €

ONDE PODO ATOPAR MÁIS INFORMACIÓN?

No Servizo de Benestar Social da Deputación de Pontevedra, a través do teléfono 986 804 100 ou do enderezo electrónico <https://www.depo.gal/web/edepo/-/servizo-de-teleasistencia-domiciliaria>